

Desexámosvos...

un bo
LIBRO
e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2010

DENDE A
BIBLIOTECA



PENSANDO
“NESA”
CARTA ...

...que tod@s pensades
escribir ...



... a canta xente máxica esté disposta a manter a vosa ilusión, porque nestas datas sempre vos da pola vena epistolar... pois de novo suxerencias para pedichonear:


MAMASES,PAPASES,PROF@S e demais adult@s:



• **O Coitelo en novembro -M. Aleixandre-Xerais:** Personaxes da historia e da actualidade, reais e imaxinarios, historias da historia e da fantasía literaria, mesturan relatos para convertirse en novela.

• **Covalladas. Prosa vertical -X. Borrazás-**

Galaxia: Dentro da cova prepárase a caza do grilo, parodia, retransca, alegoría, humor. Unha prosa diferente.



• **Periferia-I. Zúñiga-Xerais:** Nas favelas de Sao Paulo, droga, violencia, música, narcotráfico, fútbol...e o amor de Brown e Luciana.

• **Os libros prestados -X. López-Xerais:**

Catro relatos nos que os protagonistas son os lectores, as historias que os libros lle levan a vivir



• **La otra Navidad de Papá Noel-V. Dayre-Libros del zorro rojo:** Non sempre é fácil para un pai conseguir que chegue Papá Noel. Anque aparenta un álbum ilustrado infantil, sen apenas texto, as imaxes levan a unha fonda reflexión, especialmente nestes tempos de crise económica.



• **Todo é silencio-M. Rivas-Xerais:** A vida en Brétama de tres nenos que entran na adolescencia envoltos no arume do contrabando; os camiños que cada un deles toma, os reencontros. Crónica literaria de corrupción e degradación. O ascenso do capo. Do contrabando ao narcotráfico. E, sempre, o mar



• **Poemas alumeados-L. Seoane-Figurandorecuerdo(s):** Conmemorando o centenario de Seoane, 14 dos seus poemas ilustrados por 14 artistas gráficos.

• **Educar a papá. No sabes la que te espera. Curso 1-Pacco-Panini:** Non se poden desconectar. Son incompatibles co teu anterior sistema operativo. Quentabiberóns e Playstation non son intercambiabiles.



• **Dios en persona-M. Mathieu-Delcourt:**

Preséntase coma Dios cando os funcionarios que realizan o censo lle piden que se identifique, con greñas, barba, sen domicilio e sen documentación, desencadeando un grande proceso mediático e xudicial.



Crítica irónica en banda deseñada da sociedade actual.

